

NOVA REGULAMENTACIÓN DAS PERMUTAS PROVISIONAIS.



A Orde de 17 de xuño de 2017 (DOG de 30 de xuño) regula as permutas provisionais de prazas do persoal docente, agora coa denominación de **“intercambios provisionais”** e recolle, despois do seu paso pola Mesa Sectorial, unha demanda da **CIG-Ensino** desde que hai anos se restrinxira esta mobilidade provisional de postos de traballo: que todo o persoal, tamén o persoal interino, tivese dereito a elas. Por tanto, de novo todo o persoal docente dependente da Consellaría de Educación en servizo activo ten dereito ás permutas provisionais.

REQUISITOS

Poderán solicitar o intercambio provisional dúas ou máis persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que pertencen ao mesmo corpo.
- b) Que a praza corresponda a mesma especialidade.
- c) Que vaian desempeñar a súa función docente no centro educativo durante o curso

Non poderá concedérselle ao profesorado que desempeñe o seu posto de traballo en réxime de comisión de servizos.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E NOTIFICACIÓNS

Só se pode presentar a solicitude na sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.gal>.

Se alguén a presenta será requirido para facelo na sede electrónica, contando os prazos desde que o faga por está vía.

Cada persoas que desexe permutar debe presentar unha solicitude na que deberán constar os datos da persoa coa que queira solicitar o intercambio de praza.

Todas as notificacións e resolucións serán por vía electrónica (conta de correo e/ou móbil que consten na solicitude. Tamén serán notificados das permutas os centros educativos.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Consellaría da resolución definitiva de destinos provisionais e até o 2 de setembro de cada ano. Cando a publicación na web da resolución definitiva sexa posterior ao 2 de setembro, o prazo será de 4 días desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución.

RESOLUCIÓN

1. A Consellaría, con carácter xeral, resolverá favorablemente as solicitudes de intercambio provisional de postos de traballo que non excedan de tres anos, e non causen graves prexuízos a terceiras persoas interesadas, entre os colectivos que se citan:

d) Entre o persoal funcionario de carreira con destino definitivo.

e) Entre o persoal funcionario con destino provisional

f) Entre o persoal funcionario de carreira con destino definitivo e o persoal funcionario con destino provisional.

2. As solicitudes de persoas que xa gozaron de tres anos de intercambio provisional das prazas de destino e aquelas que impliquen a máis de dúas persoas precisan ser informadas pola comisión de valoración, na que están presentes as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial.

A relación completa de intercambios de prazas publicárase no portal educativo da Consellaría de Educación.

TOMA DE POSESIÓN E VIXENCIA

A toma de posesión será a que determine a Consellaría nas súas normas reguladoras de comezo de curso ou, se fose o caso, a da toma de posesión cando esta sexa distinta da anterior.

A vixencia será por un curso escolar, sen prexuízo das prórrogas que se poidan conceder.